

Apuntamentos. O caderno do artista. Guía da exposición de carteis RVB

Roberto Vidal Bolaño é un autor moi complexo e heteroxéneo pola riqueza de mundos aos que se achega tanto o seu traballo e discurso como os seus intereses persoais. Esta complexidade levounos a concentrar a figura de Bolaño como CREADOR e centrar a liña estética dos carteis na idea de PROCESO, como abarcadora de toda esa riqueza do autor así como reflexo dese "nutrirse de todo" tan característico de Vidal Bolaño.

Desta forma intentamos transmitir non só a obra, o resultado ou produto dun autor, senón tamén a orixinalidade e personalidade deste durante o seu proceso creativo.

Partindo desta idea desenvolvemos os carteis seguindo unha liña na que se revelarán diferentes formas nas que discorre calquera proceso de creación, mostrando o máis próximo, íntimo e primario, as anotacións, apuntamentos, caderno de notas, etc. Inicio e *alma mater* de todo comezo creativo.

Cartel 1. Roberto Vidal Bolaño e Compostela

Roberto Vidal Bolaño naceu na capital de Galicia, no ano 1950, no barrio obreiro de Vista Alegre. Tanto a cidade como a época marcaron a súa vida e obra. Unha das pezas de teatro nas que están reflectidas ambas as dúas é *Doentes*, na que fai un percorrido pola “cidade vella” e os seus espazos emblemáticos, nun momento histórico que denominamos posguerra. *Doentes* foi levada ao cinema no 2011.

Na aula, facede grupos de catro e axudádvos tanto do texto como do filme, buscade un mapa do casco histórico compostelán, en internet ou nunha guía da cidade, e localizade os espazos emblemáticos onde se desenvolve *Doentes*. Prestade atención, porque seguramente algún deles ten cambiado de nome!

Rematade esta primeira e importante fase da súa vida, procurando información sobre a Posguerra en Galicia. Facédeo tamén en grupos de catro, organizádvos e, por unha banda, entrevistando a algunha persoa da vosa familia ou entorno, nada entre os anos corenta e cincuenta; e por outra, buscando información bibliográfica sobre a época. Para a gravación da entrevista, podedes utilizar o voso teléfono móbil ou un mp4 que teñades. Logo na aula escoitaredes as gravacións e exporedes o recompilado nos libros, para seguidamente facer un debate sobre a época e os paralelismos e

diferenzas coa vosa vida hoxe en día.

Compostela, capital de Galicia. No ano 1977, Roberto Vidal Bolaño deixa de traballar nunha entidade bancaria e comeza a se adicar profesionalmente ao teatro e ao audiovisual. En Galicia, e moi especialmente en Santiago de Compostela, os finais dos anos setenta e comezos dos anos oitenta do século XX, están marcados por grandes cambios na vida social, política e cultural, xa que Galicia pasa a ser Comunidade Autónoma e Santiago de Compostela transfórmase na capital de Galicia, onde está a sede do goberno, o parlamento e as principais institucións culturais. Imos coñecer máis profundamente eses cambios, e o que significaron para a cidade de Compostela; polo que, organizándoos en grupos, procurade información de:

- As principais institucións que conforman o goberno galego, localizándoas nun plano de Compostela, e describíndoas.
- As institucións culturais creadas a partir do nacemento do goberno galego, e radicadas en Santiago de Compostela. Localizádeas tamén nun plano e describe as súas funcións.

Expoñede o resultado da vosa pesquisa na aula, e non estaría mal debater sobre a vixencia e visibilidade das nosas institucións en pleno século XXI. Coñeciades antes da vosa pesquisa todas esas institucións? Xa visitastes algunha? Se é así, facede unha descrición sobre o que vistes e o que vivistes nese espazo.

Cartel 2. Ribadavia, un Abrente teatral.

Entre 1973 e 1980 teñen lugar en Ribadavia oito edicións das Mostras e do Concurso de Textos Teatrais en Galego, coordinadas e dirixidas pola Asociación Cultural Abrente. Esta asociación, das moitas que había por toda Galicia, estaba especializada na Arte Dramática, pero tamén realizaba outras actividades e celebracións destinadas a revitalizar, visibilizar e cultivar a lingua e cultura galegas. Era unha época de cambio dunha ditadura aos inicios dunha democracia e había moitas cousas por facer, por iso Ribadavia era, naquela época, un lugar de encontro non só de moitos directores e actores, senón tamén de críticos, estudosos, profesores, políticos, etc. Roberto Vidal Bolaño era fiel ás citas, acompañado pola actriz Laura

Ponte, daquela a súa parella, asistía durante días convidado pola organización, nun precario e iniciático encontro teatral. Cos anos, Ribadavia foise convertendo na capital do teatro galego. No 1984 convértese en festival internacional, pero con cabida tamén para compañías e actividades con artistas galegos. Durante os case 30 anos de historia da MIT, Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, Roberto Vidal Bolaño tivo presenza en varias ocasións. Propómosche unha primeira tarefa de investigación, similar á que fan estudosos ou xornalistas: Que relación tivo Roberto Vidal Bolaño coa MIT de Ribadavia? En que edicións estivo presente? Pódeche axudar a sección “Historia” da páxina web do festival: www.mitribadavia.com

Outros dos gañadores dos 8 premios teatrais daquela época son:

Ano 1973: Euloxio R. Ruibal e Manuel María

Ano 1974: Ánxeles Penas e Manuel Domínguez Queiroga

Ano 1975: Euloxio R. Ruibal

Ano 1976: Roberto Vidal Bolaño

Ano 1977: Camilo Valdeorras

Ano 1978: Manuel Lourenzo

Ano 1979: Bernardino Graña

Ano 1980: Roberto Vidal Bolaño

Xunto con Roberto, outros dous dramaturgos conformarán o que para moitos estudosos se deu en coñecer como Xeración Abrente ou Xeración de Ribadavia. Son Manuel Lourenzo e Euloxio Ruibal. Estes dous dramaturgos proseguen coa actividade teatral, que podes dicir deles?

No ano 2000 realizouse unha homenaxe en Ribadavia á Agrupación Cultural Abrente e na fachada do edificio onde estivo a súa sede social instalouse unha placa que indica: “Nesta casa estivo a sede de Abrente (1969-1983), agrupación que estimulou a cultura crítica e converteu a Ribadavia na cátedra viva do teatro galego en tempos de dificultade”. Coa axuda do libro *Un abrente teatral*, de Inma López e Dolores Vilavedra. Galaxia, 2002, poderías responder ao seguinte cuestionario:

- As compañías das mostras de Abrente eran afeccionadas ou profesionais?
- Asistían compañías de fóra de Galicia convidadas pola organización?

- Que compañía foi detida no ano 1970 en Ribadavia pola Garda Civil, cando aínda non existían as Mostras?
- Con quen compartiu experiencia laboral Roberto Vidal Bolaño na coñecida Cooperativa Teatro do Estaribel?
- Interesáballe a Roberto Vidal Bolaño a investigación, a aprendizaxe e a documentación teatral? Que actividade levou a cabo xunto ao Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento?
- O velorio, a Santa Compañía, son elementos relacionados coa morte na antropoloxía galega, que Vidal Bolaño trata en *Memoria de mortos e ausentes* e noutra obra coa que se presenta en 1980. Cal? Como se trata aquí a morte?

No ano 2003 o Centro Dramático Galego realizaba un espectáculo titulado “Daquel Abrente”, en homenaxe a aquela xeración. O espectáculo partía do texto *O velorio*, de Francisco Taxes e de *Laudamuco, señor de ningures*, de Roberto Vidal Bolaño. Propomos unha visualización da obra (a gravación do teatro non é o mesmo ca velo en vivo, pois non se percebe ben a iluminación, nin a cercanía, pero é a única maneira de rexistrar esta arte efémera) na aula. Despois, analizade os puntos en común e as diferenzas entre a parte textual de Taxes e a de Vidal Bolaño.

Se vas ao festival de teatro de Ribadavia, non deixes de visitar: O Papuxa, taberna onde tiñan lugar intensos debates sobre arte e teatro, normalmente despois das representacións e á beira dunha cunca de viño. O barrio xudío, un exemplo único de arquitectura medieval sefardita en Galicia. O Adro de Santo Domingo, fermoso claustro onde se instalaba o escenario principal das Mostras, antes de que se construísese o Auditorio do Castelo, principal espazo de representacións na actualidade.

Cartel 3. Escritor escénico I.

Ademais de textos de autoría propia, Vidal Bolaño tamén realizou adaptacións de textos doutros autores para algúns espectáculos que dirixiu. Cales dos seguintes autores formaron parte da dramaturxia dalgún espectáculo seu?

- Daniel Cortezón
- Eduardo Blanco Amor
- Euloxio Ruibal
- Ramón Otero Pedrayo

- Ramón Cabanillas
- Bertolt Brecht
- Rosalía de Castro
- Manuel María
- Arthur Miller

O movemento de reinvencción do teatro galego aglutinado en torno ás mostras de Ribadavia procura precedentes históricos cos que poder establecer unha continuidade e mesmo un relato histórico lexitimador para o “teatro galego”, naquela altura un construto aínda un tanto feble. Como eses precedentes non se atopan ou carecen do suficiente interese operativo, RVB vaise volver cara ás tradicións populares, nas que vai atopar un riquísimo universo de ritos, cerimoniais, festas, lendas e manifestacións parateatrais. Nin sequera ten que investigar moito nestes asuntos, pois a “Etnografía” de Vicente Risco e outros traballos no ronsel risquiano debidos a Fermín Bouza-Brey, Xoaquín Lourenzo, Xosé Filgueira Valverde, Ramón Otero Pedrayo ou Florentino López Cuevillas fornéceno de pistas e material máis que suficiente. RVB incluírá tamén neste diverso repertorio formal o mundo das lendas e personaxes artúricos, a “materia de Bretaña” que daquela reactualizan literariamente Álvaro Cunqueiro e Méndez Ferrín. RVB vai xogar apaixonadamente con este material, basicamente procedente do mundo do entroido, e vai reelaboralo a través dunha tinguadura “nacional-popular” moi acorde coas concepcións nacionalistas que daquela xa mantén. “Antroido” será precisamente e non por casualidade o nome da compañía que dirixe, a primeira que dá o paso cara á profesionalización. Espectáculos como *Ladaíñas pola morte do Meco* explotan a fondo o potencial escénico destas formas festivas tradicionais ao tempo que propoñen o seu revitalizador engarce con propostas tiradas das vangardas teatrais europeas.

A segunda liña procede do teatro de títeres, outra tradición “menor” do teatro popular que perduraba en Galicia por mor da presenza aínda recente en feiras, festas, vilas e aldeas de Barriga Verde, un personaxe polo que tamén se interesou moito Manuel María. RVB vai atopar un soporte quizais inesperado para a súa arela de actualización do mundo dos monicreques no “descubrimento” das *Farsas para títeres* de Eduardo Blanco Amor, reeditadas en 1973 por Edicións do Castro. Aínda que estes seis textos foran concibidos e escritos orixinariamente en castelán, Blanco Amor

elabora unha versión galega que aparece conxuntamente coa orixinal en castelán. Prodúcese daquela unha especie de “apropiación” por parte do teatro galego independente daqueles textos que, pola súa fasquía deformadora, paródica e deliberadamente sobreactuada, encaixan plenamente cos debezos modernizadores e vangardistas das compañías do momento. RVB vai ser quizais o máis entusiasta receptor das Farsas blancoamorianas e non tarda en montar “Amor e crimes de Xan Panteira seguido de Falsa morte e certa morte de Estoraque o Indiano”. RVB dirixe este espectáculo desde a óptica expresionista e grotesca que os propios textos suxiren, cos actores comportándose como enormes títeres de cachiporra, como figuras sobreteatralizadas e libres de calquera connotación naturalista. Unha estética similar, se ben máis matizada polo lirismo e por certa exquisitez formal, comparecerá en “Percival”, unha montaxe sobre textos ferrinianos relacionados coas lendas artúricas.

A preocupación por construír un teatro galego novo, moderno e artisticamente aberto e ambicioso determina a terceira fonte de inspiración de RVB como director de escena, que non é outra que a pluralidade de propostas escénicas máis innovadoras do teatro europeo e norteamericano da época. Estas propostas aclimátanse en Galicia non directamente, senón a través de determinados grupos, fundamentalmente madrileños e cataláns, adscritos ao movemento do teatro independente que, desde mediados dos anos 60, se constitúe en todo o territorio español como unha alternativa artística, política e socialmente comprometida, fronte ao teatro comercial e aos anquilosados escenarios do franquismo. Son compañías como Tábano, TEI, Los Goliardos, Els Joglars, Els Comediants, Ditirambo, etc., moitas das cales representan en Galicia nas Xornadas de Teatro Independente organizadas en Vigo por Xulio Lago e Dorotea Bárcena. No coñecemento e difusión das novas poéticas teatrais europeas e americanas tamén ten un papel moi importante a revista *Primer Acto*, dirixida por José Monleón, e críticos e directores como Ricard Salvat, Gonzalo Pérez de Olaguer, César Oliva, Miguel Bilbatúa ou Juan Antonio Hormigón. Xa nos primeiros anos do posfranquismo únense ao labor difusor e crítico de *Primer Acto* novas publicacións periódicas como *El Público* e *Pipirijaina*.

Dentro dese panorama teatral, RVB decántase cara unha liña escénica na que predominan os elementos expresionistas, grotescos e mesmo granguñolescos. A afinidade coas novas lecturas escénicas do esperpento valleinclaniano (José Luis Alonso, Hormigón, etc.), que reubican a Valle-Inclán na tradición do expresionismo teatral europeo inaugurada por Alfred Jarry, é evidente e deliberada. Iluminacións

fortemente contrastadas, movementos rápidos e convulsos, espazos escénicos sempre austeros pero salferidos por elementos escenográficos tendentes ao bizarro e ao decadente... Todo este mundo plástico e interpretativo cobra sentido non tanto polas súas calidades esteticistas, senón pola súa ensamblaxe cunha dramaturxia radical, de denuncia irada da inxustiza e da opresión.

CUESTIONARIO

Coñeces algunha revista teatral en galego? A revista *Don Saturio* era de teatro, estaba escrita en lingua galega?

Que significa parateatro? E etnografía?

Poderías buscar imaxes que ilustren a estética bizarra, a expresionista, a naturalista e a grotesca?

Quen foi Barriga Verde? Viches o documental *Os mundos de Barriga Verde*, unha iniciativa conxunta de Tintimán Audiovisual -a produtora da actriz e xornalista Comba Campoy- xunto coa compañía de Lalín Viravolta Títeres? Que facía J. Silvent



na súa barraca?

No número 262 da revista *Primer Acto* adícase un monográfico ao teatro galego. Ademais deste volume de 1996, coñeces algunha outra revista de teatro de fóra de Galicia que analízase e se interesase pola escena galega nalgún dos seus

números?

Cartel 4. Escritor escénico II

Despois do crispado desencontro que Vidal Bolaño ten co CDG e con parte dos seus compañeiros de profesión a raíz da estrea de “Agasallo de sombras” e despois de que fose vetado pola Consellería de Cultura debido a un artigo moi crítico coas políticas culturais practicadas e coas que o dramaturgo non concordaba, RVB monta unha especie de preciosista e sarcástica despedida, “Caprice de dieux”, case unha autobiografía escénica trufada de duras críticas, e abandona a dirección escénica durante uns anos. Volve en 1989, compartindo con John Eastham a dirección de “Salomé”, de Oscar Wilde. A partir deste momento, ábrese unha nova etapa na súa traxectoria como director. As súas montaxes fanse máis sobrias e austeras, moito menos requintadas desde o punto de vista plástico e formal. Abandona a estética de inspiración etnográfica e parateatral, moi colorista, da etapa anterior e procura sobre todo un teatro de gran eficacia comunicativa no que aparecen elementos novos procedentes da cultura de masas de raíz anglosaxona, como o jazz e o cine negro (*Saxo tenor*) ou mesmo o western (*Días de gloria*). En *Rastros* aposta por unha escenificación deliberadamente “sucía”, e o seu desempeño como director adquire agora un tinte máis “naturalista”, entendendo este concepto desde o seu matiz de realismo radical, áspero. “A ópera de a patacón”, montada con catro actores, incide tamén nesa nova concepción teatral, desabrida e voluntariamente tosca, pero eficaz na súa confrontación co público.

Para comprender mellor a escrita teatral para a escena, Vidal Bolaño era moi práctico e moi realista, sen grandes elencos e moi axustado á realidade económica do seu contexto e ás posibilidades da compañía. Tan só cando se presentaba a premios (*Doentes*, *Saxo tenor*, etc.) ou cando escribía por encarga para a compañía institucional, podía permitirse explotar a súa querenza por unha maior coral composición (*Mar revolto*, por exemplo). Entrevistamos a Camilo Franco, escritor e xornalista, para que nos axude a coñecer mellor a obra do autor. Na páxina web da Real Academia Galega tamén podes ver as entrevistas que se están a facer a distintos profesionais do teatro. Prepara unha serie de preguntas para unha entrevista a algún especialista en teatro, que che permita realizar un artigo similar a este.

Camilo Franco, analiza a obra teatral de Vidal Bolaño

Vidal Bolaño era un ante todo un contador de historias influenciado polo cine, centrado na narratividade que lle vén dado da súa idea de autoría. Autor e director que modificaba e complementaba o escrito en función do actores e actrices cos que quería traballar. Buscaba un teatro de grandes públicos, moi diversos, que chegase a todos pero non precisamente da maneira máis cómoda. Tiña moi claro o que quería contar.

É difícil desligar a posición artística das circunstancias materiais. A súa estética máis esencial hai que entendela vinculada coa práctica, e polas necesidades materiais, era empresario.

Actuaba con firmeza, se facía falta sacrificar o texto en favor da actuación facíao, tendo en conta que era un autor palabrista nos textos pero isto compensábao coa súa actuación como director. Coido que non estaba moi a favor dunha intensidade emocional. Son as historias as que arrastran aos personaxes. Neste sentido era un director clásico, evitando que a personalidade dun personaxe desestabilizase a historia da obra.

Moitas das súas decisións estéticas dependían dun exercicio de habilidade para darlle resposta ás necesidades materiais. Neste sentido foi completamente contemporáneo, adaptándose a realidade que vivía.

- Características dos espectáculos de Bolaño:

- Teatro esencial, pouco adornado, o peso está no actor. É un director palabrista.
- Os personaxes teñen un falar popular, castrapista, identifícanse por como falan. Neste sentido hai unha gran diferenza con outros autores galegos e mesmo estranxeiros. Sabía escoller as palabras e que os personaxes falasen como lles correspondía.
- A súa mirada céntrase nos límites da sociedade, onde acaba a sociedade e comeza o lumpen as grandes vítimas do conxunto social, marxinaadas, como en *Doentes* ou *Rastros*. Posiciónase no lado deles, orgullosos da súa condición.
- Vai ao necesario da narración, debido á influencia do cinema aforra os detalles e concentra a tensión no punto de vista argumental, apartando todo o que distrae ao espectador/a da historia e poñendo unha lupa cerca para amplificala. E en moitos casos secuenciala. En *Animaliños*, por exemplo, non hai narración lineal pero segue regulando a historia.

-Tiña unha destreza vital para saber ver, era unha persoa lúcida. Por exemplo, en *Rosalía* deu coas claves certas, atopou un código escénico asumíbel, suplantou a identidade de Otero e conseguiu un retrato máis fondo do que outros libros publicados sobre a figura de Rosalía. No caso de *Xelmírez*, porén, aínda que fixo moitos arranxos seguía sendo unha marea de texto.

Puntos débiles.

Era un home impaciente, acusaba certo grao de trapalleirismo que viñan dado tamén polas circunstancias do teatro galego. Un sistema trampa con eivas que a profesión asumiu e que implicaba producir unha gran cantidade de espectáculos, como mínimo unha obra por ano, esta cuestión é decisiva no seu teatro. Se funcionase doutra maneira non tería escrito tanto e iso tivo ás veces consecuencias na calidade. Coido que fixo o teatro que puido non o que quixo e que non ficaba completamente satisfeito.

No caso de *Saxo Tenor*, fôiselle das mans. Era unha superproducción con 19 actores en escena, unha moto e unha escenografía grandísima. Tivo dificultades para manexar un reparto tan grande.

Polo seu carácter nunca chegou a estabilizar os seus repartos, podemos seguir a evolución de Roberto segundo os seus repartos. Na súa última etapa decidiu darlle as costas á profesión e contar cun elenco con pouca experiencia entre os que estaban Rubén Ruibal, Mejuto, Anabel Gago. En *A Ópera do Patacón* isto notouse e o espectáculo ficou curto.

Puntos fortes:

-Era un home comprometido, consecuente, cunha posición sólida. Chegou a impulsar a profesión sempre cun pensamento práctico. Negociou coas asociacións para que aforrasen o diñeiro da comida que lle daban ao rematar a funcións e llo desen directamente á compañía.

-Unha actitude vital e persoal con certa ironía.

- O RITMO:

Buscaba un ritmo onde o espectador fose capaz de seguir a historia. En *Animaliños* o ritmo vai variando en función das escenas. Pausa, creación, pausa. Era unha estrutura máis particular para remarcar a vida impersoal dos chalés acaroados. Os espectáculos están feitos de maneira que a atención do espectador/a estea controlada, consegue

manter a resolución e domina perfectamente os mecanismos propios da comedia. En *Doentes*, por exemplo arrinca cun elevado grao de tensión e vains envolvendo ata meternos nunha trampa. As obras de Roberto son intensas pero non pon ao actor contra o espectador, confróntao directamente coa historia, consideraba que unha parte da acción do teatro contemporáneo era retórica.

– PÚBLICO.

Sempre quixo escribir para maiorías, para unha sociedade contemporánea máis ou menos burguesa.

– INTERPRETACIÓN.

Variaba en función das necesidades e dos actores. Adoitaba ser un teatro realista como consecuencia dun teatro simbolista pero non era ortodoxo. En *Animaliños* os personaxes afástanse do naturalismo. Roberto dirixía por contraste, sabía o que os actores lle ían dar e explotábao.

Coido que era esixente pero non moi pedagóxico, tiña carácter cos que non contaban cos mínimos.

Hai moitas referencias cinematográficas na obra de RVB. Identifica e emparella as imaxes cos nomes, son tres que aparecen literalmente na súa obra.

Influencias cinematográficas en RVB: Wells, John Ford, Frankenstein, Bergman, Pasolini, , Marlon Brando, William Holden.



Cartel 5. Do traballo aos premios. A escena recoñecida.

E o gañador é...!!

Esta frase escoitouna o noso personaxe en máis dunha ocasión ao longo da súa intensa traxectoria profesional, xa que foron varias as veces que o seu traballo tanto

como autor, director, escenógrafo ou actor, foi recoñecido. Roberto comezou a recibir premios no ano 1976, o Premio “Abrente” (Ribadavia) grazas a *Laudamuco señor de ningures*. Un premio literario de grande estima para as xentes de teatro da época e que supuxo a recuperación e o inicio do teatro galego contemporáneo. Mais Roberto non recibiu soamente premios literarios, tamén recolleu galardóns que premian a labor escénica. Busca os premios recibidos por Roberto Vidal Bolaño ou por membros da súa compañía teatral e fai unha listaxe completa na que se diferencien os premios literarios, dos premios á súa labor escénica. Descríbeos brevemente.

Entre os galardóns recibidos polo noso persoeiro, atópanse os premios *María Casares*. Sabes quen era a persoa que dá nome aos premios? Busca información sobre ela. De seguro que toparás máis da que pensas, e pode ser que nunha lingua que non é nin o galego nin o castelán...

Tamén recibiu o premio Maruxa Villanueva, que concede o Concello de Padrón. Sabes quen era esta muller e que relación ten coas artes galegas. Atopa unha imaxe e realiza un photo-call na aula co seu rostro, os seus datos principais e por que se fixo popular e recoñecida.

A imaxe de María Casares está impresa, por exemplo, nos trofeos que se entregan como premios na Asociación de Actores e Actrices de Galicia. Coñeces ao autor destes trofeos? De seguro que si, é unha personalidade fundamental para a cultura galega. Busca imaxes do trofeo e describe as características fundamentais que definen ao autor do mesmo.

Xa coñecida a personalidade que está detrás dos nomes dos premios, procura información sobre a institución ou entidade que os organiza. Coñeces a algunha das persoas que forman parte dela?. Facede unha pequena posta en común sobre estas persoas e sobre os oficios que desenvolven.

Estes premios entréganse durante unha Gala que se organiza todos os anos a redor do Día Mundial do Teatro. Buscade en Internet o Manifesto do Día Mundial do Teatro do 2012, tanto o galego como o internacional. Facede unha lectura na clase. Falan unicamente do teatro? Falan tamén da sociedade contemporánea? Debatede sobre iso.

Procurade información audiovisual sobre as galas dos *Premios María Casares* e os *Premios Max* (que tamén recibiu o noso autor). De seguro toparás en internet, no Youtube, información de abondo sobre elas. Logo podédela ver na clase. Coñecedes algunha persoa ou obra premiada?

Cartel 6. Infantil e de rúa.

Os textos de teatro infantil de Roberto Vidal Bolaño son tres: *O Romance dos figos de ouro*, *Xaxara*, *Peituda*, *Paniogas*, *Tarelo*, *o Rapaz e o Cachamón ou (como trocar en rato pequecho ao meirande xigantón)* e *Toupourroutou da lúa e do sol*.

Os dous primeiros están inéditos, aínda que en 2012 a editorial Positivas está a editar toda a súa obra completa, pero o terceiro, representado no ano 1982, foi editado no 1996 pola AS-PG. Se tedes a peza na biblioteca do voso centro, ou a podedes conseguir dalgún xeito, imos tentar facer unha pequena representación informal na clase, de varias escenas que consideredes do voso interese. Podemos mesmo facelo co texto na man e usando as catro cousas que teñamos pola aula (algunha perruca do entroido, unha tea vistosa, un chapeu...). O importante é facelo dun xeito descontraído, para divertirse e para coñecer a peza...Que mellor xeito de coñecela que representándoa dun xeito informal entre alumnos e alumnas (e porque non, profesores tamén...)?!!

Do seu teatro infantil díxose que se trataba dun teatro para todos os públicos: “Vidal escolle un teatro para rapaces que chiscaba o ollo aos nenos grandes”, Di G. Luca de Tena. Agustín Lorenzo opina que “Roberto Vidal Bolaño defenderá a necesidade de creación de espectáculos para todos os públicos pois os rapaces son acompañados ao teatro por adultos e hai que fuxir de propostas pedagóxicas”.

Despois de representar o seu texto, realmente creedes que é así, que o autor fuxía de propostas falsamente infantís e procuraba tratar ao público adulto e infantil por igual?

Se non dispoñedes do texto podedes debater igualmente. Cantas das persoas da aula asistiron a unha representación de teatro infantil? Podedes facer unha pequena enquisa na clase, e logo comezar o debate: Trátase por igual ao público infantil e ao público adulto no espectáculo de teatro ao que asistiches? Estadades de acordo co tratamento que se fai do público infantil nas representacións de teatro para nenos e nenas?

Roberto Vidal Bolaño dirixiu co grupo *Entroido* as pezas de teatro de rúa, para todos os públicos: *Ruada das papas e do unto* e *Entroido na rúa I e II*

Son pezas que pretenden achegarse a formas perdidas de teatro tradicional, no primeiro caso, e que entronca directamente coa tradición do Entroido en Galicia.

Que coñecedes do Entroido galego? Coidades que ten elementos que pode compartir co teatro?

Imos facer grupos de catro, na aula, e imos procurar información sobre os entroidos máis antigos e tradicionais de Galicia.

- Facemos un mapa de Galicia coas localidades onde se celebran eses entroidos.
- Describimos aos personaxes que forman parte do entroido: a indumentaria, os aparellos que acompañan á indumentaria, cores que predominan, se van a pé ou montados nun animal ou outro medio, se levan máscara ou carauta ou non...
- Que é un felo? E un cigarrón? E unha pantalla?
- Detallade os rituais que realizan os personaxes do entroido, e pormenorizade se realizan algunha representación metateatral.
- Na vosa localidade o Entroido é especial? Describídeo, traede materia audiovisual á aula (fotografías, videos...) e facede unha posta en común con todo o material. Logo realizade versións a partir desta imaxe de Antroido, primeira compañía de Roberto Vidal Bolaño.

Cartel 7. As actividades dun escenógrafo.

Michel Pruner, no libro *A fábrica do teatro* (Galaxia, 2005) dicía:

“O escenógrafo, título que comeza a ser preferido ao de decorador, é o creador encargado de dar unha forma á representación teatral. A súa función é dobre: determina o espazo escénico no que se inscribe a acción e organiza este espazo en relación co que está reservado aos espectadores. Ao mesmo tempo, encárgase da creación do universo concreto que lle dá á representación o seu carácter espectacular. A súa importancia é maior: afirmando a súa autonomía de creador, prégase aos imperativos da obra da que realiza a execución material e ponse ao servizo do director de escena. É, por quendas, arquitecto, deseñador e decorador, mesmo ás veces figurinista, iluminador e técnico de escena: é grazas á súa intervención que o texto se inscribe no espazo, que a representación acha a súa unidade estética.”

Tamén Pamela Howard, no libro titulado *Escenografía* (Galaxia, 2004) recolle interesantes reflexións sobre o termo escenografía de diferentes personalidades escénicas e grandes referentes da arte escénica actual:

Josef Svoboda: A interacción entre o espazo, o tempo, o movemento e a luz na escena.

Roni Toren: Forma, cor e luz convertidos nunha realidade ficticia nun xogo colectivo.

Ezio Frigerio: O traballo dun artista que non se pode expresar en palabras.

Richard Hudson: A escolla do que o público vai ver.

Edwin Ermyny: A creación dun teatro rico con poucos medios.

Miodrag Tabacki: O espazo visual da representación concibido a través dunha idea, dotado de dimensión física nunha arquitectura global.

Coñeces o traballo dalgún escenógrafo galego? Cales dos seguintes nomes corresponden a escenógrafos? Ilústrao cunha imaxe ou deseño de cada un deles. Rodrigo Roel, Pastor, César Portela, Carlos Alonso, Marcelino de Santiago “Kukas”, Francisco Leiro, Suso Montero, Xurxo Lobato.

Roberto Vidal Bolaño traballou con algún deles no CDG, pero na súa compañía acostumaba a deseñar el mesmo os espazos e a iluminación. Na época de Abrente polo que se coñece como autor todoterreo, é dicir, pola precariedade do teatro de furgoneta, onde os membros da compañía ou repartían as funcións ou deixaban estas tarefas en man do director e xa na época posterior, porque Roberto Vidal Bolaño concibía moi persoalmente os espectáculos, dende os textos, a dirección ao ámbito plástico, con carácter global. Hoxe en día, co legado dos seus textos, temos liberdade para interpretar plasticamente a súa obra e imos propoñerche algunhas actividades similares ás que realiza un escenógrafo, dende o deseño dos figurinos (é dicir, a indumentaria e caracterización dun personaxe, que condense a súa personalidade e que fale del, ademais do que poida facer o actor verbal e fisicamente), a ambientación sonora e lumínica, para crear a atmosfera e o ambiente das situacións, os cambios, a tensión, as transicións, os climas de humor ou traxedia, a estética xeral, etc. Tamén o deseño do espazo, a localización física e os obxectos ou elementos que empregan os personaxes na acción. Estas son as actividades que vos propomos:

- Realiza un figurino de Laudamuco. Indica a caracterización, os materiais da indumentaria e as cores que vas empregar.

- Constrúe unha maqueta do espazo escénico de *Doentes*. Tes que sintetizar as distintas localizacións que se poden ver na obra na cidade de Santiago de Compostela. Non tes por que realizar unha representación realista e fidedigna, senón ofrecer unha solución práctica aos cambios espaciais múltiples, interiores e exteriores, representar esa nocturnidade errante, húmida, de enfermidade e ameaza.

Na páxina web da Universidade da Coruña

<http://ruc.udc.es/dspace/simple-search?query=vidal+bolaño&submit=Go>

podes atopar distintas imaxes de carteis das compañías de Roberto Vidal Bolaño. Imaxina que es o responsable do deseño gráfico dun espectáculo que parte dun texto de RVB, diseña un cartel para a obra e explica o teu deseño ao director da obra.

Cartel 8. O Director.

“Era autodidacta e moi versátil, dominaba unha morea de recursos distintos segundo as necesidades que fosen xurdindo. Tiña moi claro o que quería, buscaba que o espectáculo tivese unha sonoridade única, que todos traballasen no mesmo rexistro a pesar das diferenzas. Sempre estaba cavilando na escena, nunca descansaba, podía chegar a ser pesado, incluso nos cafés seguía falando do mesmo.” Rubén Ruibal, director e dramaturgo.

Lendo esta reflexión de Rubén Ruibal, podemos recoñecer parte do traballo que ten que facer un director de escena:

- Acadar unha unidade estética na peza.
- Lograr que as interpretacións dos actores estean nun mesmo nivel estético e interpretativo.
- Conseguir que a peza teña un significado que vaia máis alá do que simplemente vemos en escena.

Partindo destas premisas, podedes comentar a última peza de teatro á que asististes? Coidades que cumpría estas premisas?

Roberto Vidal Bolaño conseguiu ser un importante director de teatro sendo autodidacta, e seguramente o seu modo de conseguilo foi, como Rubén Ruibal nos comentaba máis arriba, non descansando, sempre cavilando, traballando. Mais a

profesión de Director de escena tamén se estuda, en Galicia, na ESAD de Galicia. Entra na súa páxina e busca as materias de dirección de escena. Fai un recopilatorio de todas elas, busca información sobre elas e exponas na clase.

Unha das materias prácticas que podes atopar na carreira de dirección é “dirección de actores”. Coidas que serías capaz de dirixir a un actor ou unha actriz? Practícao! Durante unha clase dividídevos por grupos, nomeade a un director ou directora de escena, por grupo e comezade a traballar seguindo estas pautas:

- Escollede unha escena dun dos textos de Roberto Vidal Bolaño.

Estúdaa e pensa quen dos teus compañeiros e compañeiras serían os axeitados para interpretar aos personaxes.

Imaxina o espazo onde eses personaxes deberan estar mentres falan. Pode ser un espazo real: un cuarto, unha rúa, a parada dos buses...; mais tamén pode ser un espazo imaxinario. Pensa que é o máis axeitado para a peza. Pode que o mesmo autor xa nos teña dito na mesma peza, nas acoutacións, onde se desenvolve a acción dramática.

Decide tamén como se relacionan os personaxes entre eles, a súas condicións sociais e mesmo a súa indumentaria.

Convida aos teus compañeiros a aprender o texto e comezade a ensaiar. Finalmente ensinade o resultado de cada grupo diante do resto da clase. Debatede cal escena considerades mellor dirixida e por que.

Cartel 9. Roberto, actor.

“Como actor era moi especial, tiña una voz moi poderosa e era moi característico para certos papeis, pero non se pode dicir que fose demasiado maleable como actor. Pero os papeis que escribía encaixábaos moi ben”. Eduardo Alonso

Roberto Vidal Bolaño foi actor de teatro, audiovisual e dobraxe. Como a maioría dos actores e actrices do seu tempo, foi autodidacta e formouse facendo teatro nas compañías amadoras e profesionais das que formou parte, tamén facendo cine e televisión. Actualmente, as mozas e mozos que queren dedicarse á interpretación poden formarse en Galicia na ESAD de Galicia, estudando arte dramática. Nela, entre outras disciplinas practican diferentes métodos de interpretación. Stanislavsky,

Meyerhold, Grotowsky, foron grandes mestres e creadores de métodos interpretativos. Sabedes o que é a Arte Dramática? Coñecedes algún método de interpretación actoral? Buscade na vosa biblioteca e en internet, bibliografía e datos sobre a arte dramática e os diferentes métodos interpretativos. Expoñédeos na clase. Procurade algún exercicio de interpretación doado de practicar (seguro que as persoas que forman parte do grupo de teatro do voso centro coñecen algún) e realizádeo na aula, para por un día convertervos en alumnos e alumnas de arte dramática....quen sabe, pode que sexa o comezo dunha exitosa carreira...!!

En teatro foi actor en moitas das producións das súas compañías, Antroido e Teatro do Aquí, así como en producións do CDG. Obtivo tamén recoñecementos por este traballo, como o María Casares ao mellor actor en 2002, por *Os Papalagui*.

En canto ao audiovisual, destaca, por exemplo o seu personaxe D. Xosé Luís no filme “Sempre Xonxa”, dirixido por Chano Piñeiro, ou o personaxe Miguel Aguiar (1998-1999) na serie da TVG, Mareas Vivas. Tanto a primeira como a segunda son exemplo de películas e series feitas en Galicia e en galego. Buscade información de ambos traballos e secuencias en internet que poidades ver na aula. Buscade tamén algún fragmento de pezas de teatro galego. Coidades que a interpretación actoral variou dende os comezos do audiovisual galego até o de agora? Debatede na aula as conclusións ás que cheguedes.

En redenasa.tv, rede online de artes vivas e outras lérias, xestionada pola compañía Chévere, podes ver un monólogo interpretado por Roberto Vidal Bolaño. Mirádeo e comentade a interpretación. Como di o texto? Cales son as intencións? Cales os elementos de humor? Analiza tamén a expresión corporal.

<http://redenasa.tv/es/post/roberto-vidal-bolano-oracion-ao-apostolo/>

Cartel 10. Ensaio e crítica sobre a Arte Dramática.

Son moitos os temas que nos han permitir falar na aula da actualidade, o que demostra o carácter universal e atemporal das obras do teatreiro compostelán. A partir da lectura dalgunha delas, propómosche unha serie de debates sobre aspectos que a Roberto Vidal Bolaño lle interesaban como cidadán e como artista.

1) DEBATE NA AULA

Propoño falar e debater na aula sobre algúns dos pensamentos de Roberto, exemplos:

-Autodeterminación.

- Identidade nacional.
- O teatro, que é? Os ritos: achegamento ao teatral.
- A ditadura de Franco. O goberno de Fraga Iribarne e as súas políticas culturais para Galicia.
- Activismo fronte a pasivismo político e social.

2) PEQUENO CUESTIONARIO REAFIRMADOR FINAL

Propomos agora un cuestionario de resposta directa, sexa esta SI ou NON, ou ben unha resposta curta, unha palabra ou poucas en todo caso, que se podería facer despois de falar do tema. O cuestionario debe de ser grupal, a todos ao tempo, para non comprometer a ninguén, senón facelo coma un xogo.

A continuación van algúns exemplos de preguntas.

- Cres que Roberto Vidal Bolaño escribía as súas obras con trazos dialectais? Que características posúe o galego urbano nos personaxes de Vidal Bolaño e de que maneira axuda a lingua que empregan a caracterizalos?
- Estaba Roberto Vidal Bolaño comprometido coa lingua galega?
- Estaba Roberto Vidal Bolaño comprometido coa nosa cultura e a nosa identidade galega?
- Estaba Roberto Vidal Bolaño a favor da autodeterminación galega?
- Facía Bolaño un teatro tradicional ou experimental?
- Cre Roberto que a situación dos autores teatrais galegos está ben valorada pola sociedade e a administración galega?
- Di algunhas cousas que non lle gustaban a Roberto Vidal Bolaño.
- Era Roberto un loitador ou un “pasota”.
- Era Roberto tímido? Calaba as súas opinións?

Roberto exerceu tamén o oficio de crítico teatral nas páxinas do xornal *El Ideal Gallego*. Dámosche a continuación unhas pequenas e sinxelas directrices para te iniciares no oficio da crítica teatral. O primeiro que debes ter en conta é que, enriba do escenario, todo ten un significado, todo foi seleccionado, organizado e estruturado para transmitir unha información e uns sentimentos ou emocións ao espectador. Cando fagas unha crítica estarás transmitindo unha información do que recibiches, unha valoración e unha opinión en base ás túas sensacións e tamén á túa análise

racional. Debes ser consciente de que a crítica está composta por elementos obxectivos e subxectivos, pero sempre debes tratalos con respecto e sen obviar ningún dato. Un bo consello, para tomares soltura e ter material para comezar a escribir é pensar que quen lea a túa crítica non terá ningún dato, polo que non debes dar nada por sabido, debes ser claro, conciso e explicativo. As oracións curtas son unha boa solución.

De seguido ofrecémosche un pequeno esquema dos elementos obxectivos que podes analizar, pero tamén debes ter en conta outros, pois un espectáculo tamén está relacionado co momento e coas circunstancias nas que se presenta, por iso son importantes cuestións como: o interese e a pertinencia dos temas tratados, a súa actualidade e novidade para os espectadores e espectadoras, a calidade da promoción e a súa difusión informativa, a imaxe (cartelería, web, etc.) ou calquera noticia relevante relacionada coa produción do espectáculo, co seu elenco (é dicir, os actores e actrices), con algunha curiosidade técnica, etc.

Ao final do proceso, podedes ler as vosas críticas e facer un debate sobre algúns dos aspectos da crítica:

- Unha das finalidades da crítica é seducir, animar á xente a que vaia ao teatro ou non?
- Pódese relatar o que che gustou, pero tamén se hai algún aspecto que non che guste debes expoñelo, pois pode resultarlle interesante á compañía para mellorar.
- Cada compañía e artista teñen un estilo, que se vai coñecendo mellor con cada obra, a medida que vemos algo novo deles.

E lembra, esta pode ser unha primeira crítica, se cadra non a mellor, pero o comezo dun oficio que se fai e se mellora cantos máis espectáculos se ven, para pór en relación unhas cousas con outras, cantas máis obras de teatro se len e cantas máis experiencias se teñen. Así que a vivir e a ler con intensidade!

Lembra tamén o que dicía nun dos seus escritos sobre o teatro Vidal Bolaño: “O teatro é unha arte colectiva nun duplo sentido: vai dirixida a un público, non a espectadores individuais, e está realizada por un equipo creativo, non por un único artista. O teatro é unha arte feita por e para colectivos.”